



Francisco Rivera y Lourdes Montes, centro, entre los múltiples asistentes a la boda de Eva y Cayetano. Foto: Julio Muñoz/Efe

Enlace mediático de Eva González y Cayetano Rivera

BODA EN SEVILLA La exmodelo y presentadora de televisión Eva González y el matador de toros Cayetano Rivera contrajeron matrimonio a mediodía de ayer en la iglesia de Nuestra Señora de la Asunción de la localidad sevillana de Mairena del Alcor, en una de las bodas más mediáticas del año. Con 38 años él y 35 ella, este torero hijo del fallecido diestro Francisco Rivera Paquirri y de Car-

mina Ordóñez y la que fuera Miss España 2003 han protagonizado un lustro de noviazgo televisado y fotografiado en toda la prensa del corazón. Como manda la tradición, la boda se celebró en la localidad natal de la novia, hija de un agricultor de esta población, de 25.000 vecinos y a treinta kilómetros de Sevilla. Eva González llegó a la iglesia con un traje blanco de Pronovias. EFE

O presuposto do CCG crece por primeira vez desde 2008

O Consello da Cultura Galega contará con algo máis de 2,41 millóns de euros no próximo exercicio// Realizará unha enquisa sobre lingua e xuventude



O presidente do CCG, Ramón Villares, dereita, saluda ao deputado Xabier Ron. Foto: Xoan Crespo

roza habitualmente o 90% da cuantía total, tal e como recolle Europa Press.

Para 2016, os fondos teñen “moito de continuidade con respecto a outros anos”, explicou Villares, quen recoñeceu que “aumentan un pouco”, en torno ao 1,74%, con respecto ao exercicio anterior, o primeiro “pequeno repunte” dende 2008. “Esperemos que sexa máis intenso nos próximos anos”, apuntou.

Este incremento débese “especialmente” ao capítulo I, o de persoal, que crece un 3% debido ao recoñecemento dun “desfase acumulado de antigüidades” de traballadores derivadas dun convenio diferente ao do funcionariado.

En canto á xestión das partidas, de forma xenérica, Villares apostou por limitar os gastos en congresos e reunións e incrementar o destinado a traballos técnicos e estudos, un ámbito “especialmente importante” no CCG, subliñou.

Tamén buscan reforzar os seus programas de bolsas internas e externas.

En 2016, o Consello da Cultura Galega dedicará parte dos seus recursos a actividades relacionadas co Día das Letras Galegas e o seu homenaxeado, Manuel María, á presenza exterior –como a participación na Feira do Libro de Bos Aires– ou a potenciación das bolsas de investigación.

Entre outros aspectos,

A institución iniciará un ciclo de 3 anos con actividades sobre as Irmandades da Fala

Entre as iniciativas previstas, unha mostra sobre ‘Galicia Celta’ o próximo maio

seguirán coa “presenza no mundo da lusofonía” e prevén traballos no ámbito das artes escénicas e unha investigación sobre María Casares.

Tamén en 2016 o CCG comezará un ciclo de actividades sobre as Irmandades da Fala que prevé que se prolongue durante os tres próximos anos con congresos, seminarios, edicións e exposicións, coincidindo coa declaración do Ano das Irmandades da Fala no próximo ano, no centenario da súa creación.

Ramón Villares tamén anunciou que o próximo exercicio se inaugurará a exposición *Galicia Celta*, na que a institución traballou moito durante este ano. A mostra contará con cen obxectos nos que se intenta “representar unha imaxe de Galicia” e abrirá as súas portas en Compostela o próximo mes de maio.

No ámbito do idioma galego, Villares expresou a súa preocupación por esta cuestión e anunciou que o CCG realizará proxima-

Ferramentas informáticas que recoñecen as emocións

Santiago. Ao longo da xornada de onte reuníronse en Santiago investigadores das tres universidades galegas integrados na Rede Galega de Procesamento da Linguaxe e Recuperación de Información (Rede PLIR). Fórmase sete grupos de investigación nos que traballan lingüistas e expertos en Ciencias da Computación.

Presentaron os seus principais avances a empresas nacionais e internacionais representativas do sector, entre eles o desenvolvemento ferramentas informáticas que recoñecen as emocións.

O equipo que traballa nesa idea é o Grupo de Compiladores e Linguaxes da Universidade de Vigo, liderado polo coordinador da Rede, o catedrático Manuel Vilares Ferro.

A idea denomínase “minería de opinións”, centrada en capturar os sentimentos dunha persoa cara a un determinado feito, persoa ou circunstancia a partir dos seus propios relatos. “As posibilidades inmediatas desta liña son inmensas na acreditación de servizos ao usuario e na toma de decisións, tanto por parte de empresas como das Administracións.

“Se somos capaces de captar informaticamente o sentimento dunha mensaxe, teremos sentado as bases para afrontar un vello reto da Intelixencia Artificial, outorgar a capacidade de recoñecer emocións a un sistema artificial” -manifesta o investigador-

Ademais, o investigador de Yahoo Roi Blanco repasou a importancia da integración das tecnoloxías da lingua no desenvolvemento de buscadores web. REDAC.

USO DO GALEGO NOS MOZOS

●●●Despois de que os grupos da oposición lle preguntasen sobre o seu posicionamento sobre o uso do galego entre os mozos, o presidente do CCG recordou que a institución solo traballa a nivel de investigación no idioma dende o punto de vista do seu uso, sen entrar en cuestións de políticas ou de regulamentación. Non obstante, Ramón Villares recoñeceu que o baixo nivel de uso do galego por parte dos mozos preocupa á institución, que prevé realizar unha enquisa neste sentido que poida botar luz sobre a cuestión e axudar a deseñar “políticas” futuras. “O problema non é se teñen competencias ou non, o problema é que determina o seu uso ou non”, resumiu. Tamén apostou polo traballo no ámbito do patrimonio, que ten “cada vez máis presenza nas actividades do consello”, aínda que fixo fincapé na necesidade de acoutar este ámbito.

MARIO ÁLVAREZ
Santiago

O Consello da Cultura Galega (CCG) experimentará en 2016 o primeiro “pequeno repunte” do seu presuposto dende 2008, manexando algo máis de 2,41 millóns, e prepara unha enquisa sobre lingua e xuventude para detectar os factores que fan que os mozos decidan empregar ou non o galego de forma habitual.

Así o anunciou onte no Parlamento de Galicia o presidente do Consello da Cultura Galega, Ramón Villares, quen subliñou que o grao de execución dos presupostos desta institución